





España
ORGANIZACIÓN
TERRITORIAL



A CONSTITUCIÓN-

É a lei fundamental do Estado onde se recollen os **dereitos** e os **deberes** de todos os cidadáns e cidadás.

A Constitución tamén establece a **organización territorial** do Estado e a súa **forma de goberno e institucións**.



ORGANIZACIÓN ESTADO ESPAÑOL



COMUNIDADES AUTÓNOMAS

O estado español ten 17 comunidades autónomas e 2 cidades autónomas.

A nosa comunidade é **Galicia**.



PROVINCIAS

As comunidades autónomas están formadas por provincias.

O estado español ten 50

Nós vivimos na provincia de **A Coruña**.



CONCELLOS

As provincias están formadas por concellos.


Nós vivimos no concello de **Ferrol**.



España

ORGANIZACIÓN

POLÍTICA



FORMA DE GOBERNO

MONARQUÍA PARLAMENTARIA

O xefe do Estado é o rei,
Felipe VI.

Convoca as Cortes Xerais
e nomea o presidente do
Goberno.

Tamén é o xefe do
exército.

INSTITUCIÓN

CORTES XERAIS

Elabora e aproba as
leis.

Controla a tarefa do
Goberno.

Están integradas polo
Congreso dos
deputados/as e o
Senado.

GOBERNO

Dirixe o país.

Está representado
polo presidente do
Goberno. Na
actualidade, **Pedro
Sánchez.**

O presidente elixe
aos seus
ministros/as.

TRIBUNAIS DE XUSTIZA

Están formados
por **xuíces e
maxistrados** en
cargados de
administrar
xustiza.

ORGANIZACIÓN da **CCAA GALICIA**



- A nosa comunidade autónoma conta coas súas propias leis que se recollen no **Estatuto de Autonomía**.
- Posúe **lingua propia**, o **galego**, que convive co castelán.
- Tamén ocupa un territorio cunha historia, cunha cultura e cunhas tradicións propias.

ESTATUTO DE AUTONOMÍA

Recolle:

- **Dereitos e deberes** de todos os cidadáns da comunidade.
- As **leis** que regulan a organización da comunidade.
- Os **símbolos**: bandeira, escudo e himno.

Institucións:

- **Parlamento autonómico**: Elabora as leis autonómicas e controla que o goberno autonómico cumpra as súas funcións. Está formado polo deputados autonómicos.
- **Goberno autonómico**: A **Xunta de Galicia** goberna e dirixe a política da comunidade. Está formado polo **presidente** (Alberto Núñez Feijóo) e os **conselleiros/as**.

ORGANIZACIÓN do CONCELLO




- O Concello é o responsable de organizar o funcionamento do municipio ou localidade.
- Está formado polo **alcalde** ou alcaldesa (en Ferrol é Ángel Mato) e os **concelleiros/as**.
- O alcalde preside o Concello e os concelleiros/as axudan e aconsellan ao alcalde nas súas tarefas.


Concellarías:

- **Seguridade:** Policía local, tráfico, bombeiros e protección civil.
- **Urbanismo:** Responsable do estado das beirarrúas e calzadas; tamén de autorizar a construción de edificios.
- **Deportes:** Encárgase do funcionamento dos polideportivos e piscinas municipais.
- **Benestar Social:** Ocúpase dos servizos de sanidade, traballo e atención a persoas maiores.
- **Cultura:** Ocúpase do funcionamento das bibliotecas públicas, teatros, festas...
- **Turismo:** Encárgase de promocionar a localidade.



A UNIÓN EUROPEA





**A Unión Europea (UE) é
organización formada por 27
Estados de Europa cuns
obxectivos económicos e
políticos comúns.**

Os diferentes estados colaboran entre si
para ter un futuro común.

OBJECTIVOS DA UE:

ECONÓMICOS


- Mercado común e único.
- Moeda única: o euro.

POLÍTICOS

- Defesa da liberdade.
 - Paz.
 - Solidariedade.
 - Democracia.
- Respeito do medio natural.
- Respeito dos dereitos humanos.

EN RESUMO...





ATA LOGO!

Na **aula virtual** tes máis recursos para coñecer mellor o noso territorio e consolidar as túas aprendizaxes.

Ánimo chicos/as!